

XÉNERO E POLÍTICA DE TRADUCIÓN NA CATALUÑA CONTEMPORÁNEA¹

Assumpta Camps
Universitat de Barcelona
a.camps@ub.edu

[Recibido 28/09/12; aceptado 15/03/13]

Resumo

Esta artigo ten como obxectivo o estudo dun caso específico dentro do sistema literario catalán dos últimos anos. Estamos a falar dun tema que concirne directamente a institución literaria e pon de manifesto o que podemos chamar «política de tradución». Centrarémonos no período de tempo que vai dende a transición política española a fin do século XX, que constitúe un período de tempo de 25 anos bastante homoxéneo. Por razóns de espazo, nesta ocasión só tomaremos en consideración a literatura italiana traducida ao catalán durante eses anos.

Palabras clave: tradución ao catalán, literatura italiana, política de tradución

Abstract

This paper aims at the analysis of one specific case within the Catalan literary system of the late years. We are speaking of a topic that concerns directly the literary institution and highlights what we call as 'translation policy'. We will focus on the time span covering from the Spanish politic transition until the end of the XX th. cen-

1 Tradución do castelán ao galego de Marta Araújo González e Beatriz Fariñas Garrote.

tury, which constitutes a quite homogeneous period of time of 25 years. Due to space, this time we will take under consideration only the Italian literature translated into Catalan during those years.

Key words: Translation into Catalan, Italian Literature, Translation policy

I.

Como xa comentei noutras ocasións, a tradución reviste importancia non só no estudo da recepción dun determinado autor ou da produción literaria noutra lingua, senón tamén para a análise da propia literatura meta ou de acollida, a un nivel tanto diacrónico como sincrónico. É dicir, na súa evolución interna así como nas directrices principais que esta amosa nun determinado período histórico².

Neste estudo propoñémonos analizar un caso concreto do sistema literario catalán dos últimos anos. Trátase dun tema que atinxe directamente á institución literaria e pon en evidencia un dos aspectos determinantes do asunto que aquí nos ocupa, aínda que a miúdo se obviase. Refírome ao que chamamos a “política de tradución”. Con tal propósito centrarémonos no arco do tempo que comprende dende a transición política ata o cambio de século³, período que constitúe unha unidade temporal bastante definida, inaugurada en 1975 coa morte de Franco e o conseguinte cambio político. Por outra parte, tomaremos en consideración tan só unha parte do sistema da literatura traducida en catalán, en concreto o que atinxe á literatura italiana, por motivos fundamentalmente de espazo. Con

2 Véxanse outros traballos meus, como, CAMPS, A. (1999). *La recepció de G. D’Annunzio a Catalunya. Traduccions i textos inèdits*. Barcelona: PAM; CAMPS, A. (1995). *La incidència dels gèneres en la traducció literària en català*, “Revista de Catalunya”, n° 95, pp. 109-117; CAMPS, A. (1998). *La littérature catalane en traduction*, en DIMIC & TOTOSY (eds.): *Comparative Literature Today: Theories & Practice*. Paris: H. Champion; e CAMPS, A. (2000). *La traducción literaria en catalán en la segunda mitad del siglo XX*, en *An Approximation to Contemporary Catalan Literature*. New Delhi; entre outros.

3 A investigación que se levou a cabo cobre un arco temporal que finaliza en 2002, e vincúlase ao proxecto de investigación “La traducción en la España contemporánea” (BFF2003-002216), que lle deu continuidade no proxecto FFI2009-10896, ambos os dous con financiamento ministerial, e coa investigadora principal, que en ambos os dous casos, é a mesma autora deste artigo.

este estudo contribuímos á liña de investigación que iniciamos hai anos neste campo, e que recollemos nos últimos tempos en múltiples publicacións.

Como dicíamos, un dos aspectos determinantes nos estudos de tradución, e que a miúdo se ignorou, fai referencia precisamente á fase previa á operación translaticia propiamente dita. Nesta fase, o elemento decisorio non é o tradutor ou tradutora, precisamente, senón a institución literaria, e máis concretamente unha parte da mesma: a responsable da decisión que determinará, ao fin e ao cabo, que se inicie ou se descarte a tradución dunha certa obra, dun/unha autor/a, ou ben dunha parte da obra de dito/a autor/a. A institución literaria, na súa complexidade e multiplicidade, que a miúdo non oculta as súas propias contradicións internas, é, nese sentido, responsable directa da política de tradución que se impón, en maior ou menor medida, nun determinado momento e contexto cultural, e acaba condicionando de maneira ineludible a imaxe dun/unha autor/a, tanto como a historia da tradución nun determinado contexto histórico-cultural. Nesta fase preliminar, será a institución literaria, e xa non o tradutor ou tradutora a cabeza visible (ou invisible) da operación translaticia que desembocará no produto literario —a tradución— que acaba saíndo ao mercado. É a institución literaria quen marca as directrices e toma as decisións fundamentais, as cales se presentan nese momento inicial do proceso baixo a forma da elección da obra que se vai traducir, aínda que a miúdo tamén se reflectirán máis tarde na tradución mesma.

Neste conxunto nin homoxéneo nin cohesionado que chamamos institución literaria hai que diferenciar varios “actores”: os responsables editoriais, os axentes literarios, a crítica literaria (que é de xeito habitual “militante”, e, como tal, moi pouco independente), a universidade, as institucións culturais gobernamentais (de carácter tanto consultivo como executivo), as asociacións profesionais relacionadas coa actividade editorial e a prensa (máis ou menos especializada, por desgraza cada vez menos), entre outros. Non é preciso dicir que non nos atopamos ante un colectivo único e con directrices unívocas, senón, moi ao contrario, ante un escenario onde a miúdo se desenvolven confrontacións entre os diferentes grupos culturais de poder, todos cos seus respectivos intereses en xogo, cando non se trata de verdadeiras batallas campais (polo con-

trol de certos sectores culturais ou, simplemente —aínda que tamén de maneira recorrente—, por multitude de cuestións de orde máis persoal, como envexas ou rivalidades varias). Tales loitas non sempre transcenden ao gran público a través dos medios de comunicación. A miúdo quedan soterradas e enmascáranse baixo discursos que pretenden considerar tan só a “validez” e “calidade literaria” das obras publicadas. O resultado, no caso que nos ocupa, é unha determinada política de edición e, máis concretamente, de tradución, que condiciona por motivos a miúdo non literarios, pero tampouco económicos, senón de xeito frecuente ideolóxicos —ou pretendidamente ideolóxicos—, o perfil dos autores e obras traducidos nunha determinada época, e a imaxe que deles se ofrece ao público lector do momento. Aspectos fundamentais deste proceso previo á tradución propiamente dita afectan, polo tanto, á historia da tradución resultante, e xiran arredor de nocións de carácter socioliterario fundamentais, como o canon e o repertorio literario.

Como a Teoría do Polisistema puxo de manifesto hai xa algúns anos, o conxunto da literatura traducida nunha literatura meta ou de acollida constitúe o chamado sistema da literatura traducida, onde importa tanto o que está traducido como o que non o está, así como tamén a colocación dentro do sistema das traducións realizadas, co seu potencial de difusión e impacto correspondente no contexto de chegada. Dito sistema atópase suxeito a un primeiro elemento de análise que xorde, precisamente, da decisión editorial e da elección da obra, entre o conxunto dos autores e autoras posibles e das obras publicadas no país de orixe. Neste contexto, a decisión, como apuntabamos, non obedece moi a miúdo a criterios de calidade literaria, xa que se pode apreciar de xeito claro que non son as mellores obras as que se acaban traducindo e impoñendo neste proceso de recepción. Ou polo menos isto non sucede nun primeiro momento na maioría dos casos. Algunhas das mellores obras conségueno ás veces anos máis tarde (quizais moitos anos máis tarde), de xeito que a súa recepción se produce nun contexto histórico-cultural moi diferente que as priva da verdadeira actualidade e que as sitúa nunha especie de “museo” composto pola continuidade acrítica dos “clásicos contemporáneos”. En efecto, como apuntabamos arriba, este proceso non se rexe realmente por criterios literarios, senón por leis sociolóxicas, socio-literarias e/ou so-

cioculturais, as cales resultan, non obstante, determinantes no estudo de toda historia da tradución.

II.

Un dos campos nos que máis se aprecian os efectos da política de tradución é o da chamada “escritura de mulleres” —para algúns, “literatura feminina”, aínda que nós rexeitamos tal denominación—, unha produción máis abundante do que se pensa e que segue sendo unha literatura bastante descoñecida. O que dicimos resulta válido, en liñas xerais, para a produción literaria dos diferentes países e linguas de orixe na historia da tradución no noso país. Non obstante, coa fin de acouatar o tema do noso estudo, imos considerar aquí este aspecto en relación coa literatura italiana escrita por mulleres, a que deu lugar a un subsistema moi reducido de literatura traducida no noso país.

En efecto, as escritoras italianas son aínda hoxe en día, en grande medida, unhas grandes descoñecidas no noso país, e a tradución das súas obras, de xeito esporádico e, sobre todo, moi recente, concéntrase de xeito maioritario na última década do século XX. Este descoñecemento é duplo: en parte, atinxe á colocación da obra destas escritoras no conxunto da produción literaria italiana contemporánea (un aspecto que se desprezou e se despreza aínda hoxe de xeito sistemático por parte dalgúns estudosos dedicados a este tema, que teñen traballos que carecen de validez por tal motivo, na nosa opinión). E, en parte, deriva da maior ou menor relevancia das súas obras no conxunto da produción dunha determinada autora. No primeiro caso, observamos que se ignoraron autoras italianas sen dúbida importantes, a miúdo por criterios estritamente comerciais, mentres que se privilexiaron a outras autoras cunha calidade literaria moi dubidosa polo simple feito de seren éxitos de vendas en Italia. No segundo caso, en cambio, apreciase que a elección no conxunto da produción dunha determinada autora non sempre responde a criterios literarios, nin reflicte un coñecemento profundo da súa obra, senón que se impoñen outros condicionantes, producíndose, como resultado, importantes lagoas no repertorio, as cales, como ocorreu no pasado, cos anos (e décadas) ás veces vanse completando, polo menos de xeito parcial, cando unha autora consegue consolidarse, ou ben —desgraciadamente— no momento do seu falecemento.

Á marxe destas consideracións previas, non é preciso dicir que a situación do sistema literario catalán reviste unhas características especiais, que tiven a ocasión de tratar de xeito pormenorizado noutros momentos, tamén no que se refire á historia da tradución⁴. Refírome, evidentemente, ás peculiaridades intra-sistémicas do noso contexto literario e cultural en xeral e, máis concretamente, ás relacións entre a produción editorial (incluída a tradución) realizada en catalán e a realizada en castelán dentro do ámbito xeográfico catalán (é dicir, por parte de editoriais con sede en Barcelona, maioritariamente). Ditas relacións son, ao noso entender, de todo punto fundamentais para comprender as directrices e a evolución interna do noso sistema literario, e en modo especial para entender a política de tradución que se levou a cabo no período que aquí nos ocupa, sobre todo nos últimos anos. Non é preciso dicir que neste contexto son, e foron, decisivos algúns procesos recentes de fusiones editoriais que se produciron nos últimos tempos no ámbito catalán e no peninsular, e, dun modo máis xeral, os cambios que se experimentaron nesta época polo sector editorial a un nivel internacional. Neste senso, obsérvase que nos últimos tempos tendeu a editar de xeito conxunto, por parte dunha mesma editorial catalá, a tradución en castelán e catalán dunha mesma obra, cunha duplicación da oferta que se ben conta con certas vantaxes comerciais, tamén presenta algúns inconvenientes. Esta situación pódese apreciar fundamentalmente no caso da tradución de obras que constituíron éxitos de vendas, ou ben que obtiveron algún galardón ou premio literario (por desgraza, cada vez máis dependentes de criterios propios da mercadotecnia, como sabemos). Sen dúbida, os acordos entre as nosas editoriais (que editan nunha lingua ou en ambas) e as italianas, no caso que nos ocupa, facilitou unha maior celeridade de recepción e o acurtamento dos tempos de tradución, reducíndoos a miúdo ao mínimo. Un feito, a dicir verdade, bastante común nos últimos anos, e polo cal se poden atopar varios lanzamentos simultáneos do orixinal (en Italia) e da tradución ou traducións (en Barcelona) dunha mesma obra.

4 Ademais dos estudos citados na nota 1, véxase tamén CAMPS, A. (1996). *Pourquoi est-ce qu'ils n'ont pas traduit Zola?*, "Revue Canadienne de Littérature Comparée", nº 23, pp. 577 e ss.; e CAMPS, A. (2002). *Per a una història de la traducció de la narrativa del s. XIX en el món hispànic*, en: *Miscel·lània en homenatge a J. Molas*, Barcelona: Edicions i Publicacions UB, pp. 265-272; entre outros.

O estudo comparativo entre a tradución das autoras italianas contemporáneas en castelán e en catalán non deixa en moi bo lugar ao sistema catalán, ben sexa polo que atinxe á cantidade (en termos absolutos), como ben ás lagoas que se poden constatar, algunhas delas moi relevantes. Non obstante, hai que sinalar que este fenómeno se observa á marxe das consideracións de xénero, é dicir, apreciase no conxunto da literatura traducida producida en Cataluña nos últimos anos, como xa puxen de manifesto noutras ocasións⁵.

III.

Nas traducións ao catalán de literatura italiana escrita por mulleres que se realizaron nos últimos vinte anos podemos establecer catro grandes bloques:

– A literatura infantil, que ocupa un papel importante, aínda que a miúdo se viu pouco valorada, e está considerada como unha literatura “menor” no conxunto da produción literaria. Neste sector, as autoras seguen a ser maioritarias, feito que se reflicte nas traducións, aínda que este non é o conxunto máis abundante, nin en catalán nin en castelán.

– Os *best-sellers*: é o bloque principal pola abundancia de autoras e obras publicadas. Neste bloque incluimos unha certa produción de literatura que poderíamos denominar “reivindicativa”, e que constituíu recentemente éxitos de vendas en Italia.

– A produción narrativa, na que destacan, con diferenza, dúas autoras moi distintas: Natalia Ginzburg e Francesca Duranti. Non obstante, moitas outras permanecen nun discretísimo terceiro lugar. Sen dúbida, constitúe o bloque máis numeroso.

– As traducións de biografías e as de poesía sitúanse a unha grande distancia, dato que non é insignificante, pero é certo que a de poesía presenta grandes lagoas (enormes, atreveríamonos a dicir, se temos en conta a ausencia absoluta dalgunhas autoras de relevo no panorama italiano contemporáneo).

5 Véxase, por exemplo, “*La literatura italiana de la segunda mitad del s. XX y su traducción en ámbito hispánico*”, conferencia lida na “Università di Roma-La Sapienza” (maio de 2001), e publicada en CAMPS, A. (2002). *Estudis Literaris II. La recepció literària*. Barcelona: PPU.

No primeiro apartado, recordaremos as traducións, publicadas pola editorial La Galera, de Gina Basso, iniciadas en 1988, e reeditadas en 1991 e 1993⁶, bastante representativas respecto á tradución da autora ao castelán. En segundo lugar, a de Ginevra Bompiani, tamén dos anos 90⁷, e as de Bianca Pitzorno, que se dan a coñecer en 1997 e chegan ata este século⁸. Todas elas teñen tamén obra traducida ao castelán, e moi especialmente B. Pitzorno, que ten unha presenza nesta lingua que se pode considerar abundante dende 1989 (con ata sete edicións diferentes), dadas as circunstancias que comentabamos ao principio. Hai que engadir a este bloque dúas traducións de Susanna Tamaro (de quen trataremos máis adiante), que son de 1995 e 1996, coas que esta autora se deu a coñecer en España. Incluímoslas neste capítulo porque se trata de publicacións infantís⁹.

Sobra dicir que as traducións dos grandes éxitos de vendas ocupan o lugar máis destacado nesta lista. Neste apartado destaca por encima de calquera outra escritora —en termos absolutos—, a obra de Susanna Tamaro, que gozou dun éxito sen precedentes en Italia fai poucos anos. Á marxe de consideracións sobre a calidade literaria ou a validez das súas obras, que se viu moi discutida no seu país sobre todo dende algunhas posicións ideolóxicas, o certo é que Susanna Tamaro superou con creces todos os éxitos de vendas precedentes, situándose durante meses por diante de grandes nomes do panorama literario italiano, perfectamente consolidados no mercado, como por exemplo Umberto Eco, por citar tan só un deles. Este feito indiscutible, xunto coa repercusión que tivo a súa obra mesmo na vida cotiá

6 BASSO, Gina. (1988). *El coratge de parlar*, trad. Àlvar Valls. Barcelona: La Galera ("Cronos", nº 22). Reeditada en 1991 ("Cronos", 22) e 1993 ("Clip", 11).

7 BOMPIANI, Ginevra. (1996). *Via terra*, trad. de Anna Castells. Barcelona: Editorial Cruïlla ("El vaixell de vapor", nº 68), 2ª. ed.

8 PITZORNO, Bianca. (1997). *La casa de l'arbre*, trad. Beatriu Cajal. Barcelona: Editorial Barcanova ("Sopa de llibres", nº 9), 4ª. Reimpresión: 1999. PITZORNO, Bianca. (2001). *Clorofil·la del cel blau*, trad. Beatriu Cajal. Barcelona: Barcanova ("Sopa de llibres", nº 51).

9 TAMARO, Susana. (1995). *El cavaller molsut*, trad. Josep Julià. Barcelona: Grijalbo-Mondadori ("Tren eléctrico. Catalán", nº 9); e TAMARO. (1996). *El cercle màgic*, trad. Josep Julià. Barcelona: Grijalbo-Mondadori ("O tren eléctrico. Catalán", nº 10).

dos italianos (ata o punto de que algún concurso televisivo parafraseaba os títulos das súas novelas para aproveitar a estela do seu éxito) son, sen lugar a dúbidas, responsables da enorme cantidade de traducións e reedicións de Susanna Tamaro en catalán —por non falar do castelán— que proliferaron no noso mercado a partir de 1995. Cóntanse ata oito edicións distintas, coas súas sucesivas reedicións (nalgúns casos chegaron a 14). A diferenza do que apuntamos máis arriba, a tradución da obra de Tamaro ao catalán presenta unha característica que comparten de xeito habitual as traducións de *best-sellers*, e que consiste na edición simultánea en catalán e en castelán, a miúdo coincidindo no tempo coa publicación do orixinal (neste caso, en Italia). De tal modo que, incluso antes de que a autora entregue a versión definitiva da súa novela, xa se acordaron as traducións da mesma, cos conseguintes problemas que isto pode chegar a comportar no que atinxe ás revisións posteriores e ás variantes de autor.

A historia da tradución das obras de Tamaro viuse con frecuencia moi infatuada. Esta non segue a orde cronolóxica dos seus títulos, senón que foi a publicación de *Va' dove ti porta il cuore* o que actuou como catalizador que deu lugar a múltiples traducións publicadas con posterioridade (especialmente das súas obras anteriores, as cales pasaran case por completo inadvertidas). A partir dese momento, a tradución do conxunto da súa produción disparase e sucédense a gran velocidade publicacións orixinais e traducións, castelás e catalás da mesma. Un proceso que parece que se ralentizou ultimamente, en gran parte polos fracasos dos últimos títulos, incluída a recente edición da novela *Respóndeme*¹⁰.

10 Recollemos, a continuación, as traducións de S. Tamaro en catalán publicadas durante o período analizado: TAMARO, Susana. (1995). *El cavaller molsut*, trad. Josep Julià. Barcelona: Grijalbo-Mondadori ("Tren eléctrico. Catalán", nº 9), edición que xa comentamos máis arriba. TAMARO. (1996). *El cercle màgic*, trad. Josep Julià. Barcelona: Grijalbo-Mondadori ("El tren eléctrico. Catalán", nº 10), edición que xa comentamos máis arriba.

TAMARO. (1995). *Vés on et porti el cor*, trad. Assumpta Camps. Barcelona: Seix Barral (5ª. ed.). Reeditada en 1996, 1998, 2000 (hasta 14 ed.). Reeditada por Círculo de Lectores, Barcelona 1997.

TAMARO. (1996). *El cap als núvols*, trad. Josep Julià. Barcelona: Empúries ("Narrativa", nº 58). Reedición en 1997 (3a. ed.).

TAMARO. (1996). *Per a una veu sola*, trad. Assumpta Camps. Barcelona: Seix Barral.

A situación é moi diferente no caso doutra escritora italiana, tamén autora de *best-sellers*. Referímonos a Oriana Fallaci, que conta con múltiples edicións en tradución castelá, pero cun só título traducido en catalán¹¹. Unha posible explicación deste feito pode atoparse na transformación que experimentou o mundo editorial catalán nos últimos anos. Se ben se observa nos últimos tempos unha tendencia clara a seguir as leis do mercado, no pasado foron prioritarias consideracións doutra índole. Fallaci non mereceu atención en catalán nas décadas anteriores, malia a súa indiscutible presenza no panorama italiano, e todo isto entendemos que aconteceu, de xeito fundamental, por dous motivos: porque era unha escritora (o índice de escritoras italianas traducidas ao catalán antes dos anos 90 é baixísimo, case inexistente) e en segundo lugar porque era unha escritora precisamente de *best-sellers*. Semella obvio o que se desprende da comparación entre Fallaci e Tamaro, escritoras que pertencen a dúas xeracións diferentes. Todo isto fala de xeito bastante claro do cambio producido neste sector nos últimos tempos, como tamén, por que non dicilo, dunha certa misoxinia latente e decote oculta, malia que moi arraigada en moitos ambientes editoriais cataláns. A situación, como dicíamos, cambiou nos últimos tempos de tal xeito que se pode chegar a falar dunha verdadeira inflexión no panorama editorial catalán en canto á presenza de mulleres (con obra propia ou tradución). Non entraremos a valorar aquí se a evolución foi para ben ou para mal porque, sen dúbida, levaríanos demasiado lonxe.

No apartado dos éxitos de vendas destaca nos últimos tempos unha certa literatura de reivindicación que gozou de condicións similares ás observadas a propósito dos *best-sellers*, como tamén dunha fama tan meteórica como efémera. Referímonos, por exem-

_____. (1997). *Anima mundi*, trad. Assumpta Camps. Barcelona: Seix Barral. Reeditada por Círculo de Lectores, Barcelona 1997.

TAMARO. (1999). *Tobies i l'àngel*, trad. Anna Cassassa Figueras. Barcelona: Empúries ("Narrativa", nº 101).

TAMARO. (2001). *Estimada Mathilda, no veig el moment en què l'home es posi a caminar*, trad. Antoni García Santiago. Barcelona: Empúries ("Narrativa", nº 166).

TAMARO. (2000). *Cap a casa*, trad. Antoni García Santiago. Barcelona: Empúries ("Biblioteca Universal Empúries", nº 140).

TAMARO. (2002). *Respon-me*. Barcelona: Empúries ("Narratives").

11 FALLACI, Oriana (1992). *Inshallah!*, trad. de Antoni Vicens. Barcelona: Plaza & Janés. Reeditada por Círculo de Lectores, Barcelona 1992.

plo, á obra de Laura Cardella, e moi en especial a *Volevo i pantaloni*, título que se impuxo a comezos da década de 1990¹². Porén, autoras moito máis destacadas e recoñecidas en Italia como escritoras feministas, como por exemplo Dacia Maraini, por pór un nome, ignoráronse de xeito sistemático polas editoriais catalás malia a orixinalidade da súa obra e da súa presenza, bastante abundante en castelán, onde se contan ata oito edicións diferentes desta autora. En catalán, pola contra, Maraini só conta cun pequeno volume de poesías: unha obra, por certo, non moi representativa do conxunto da súa produción literaria. Por se isto non fose abondo, trátase dun volume que se presentou nunha edición de escasa difusión¹³.

A poesía é un xénero que gozou tradicionalmente entre nós dun público non moi extenso, mais fiel e moi interesado, o que propiciou, cando menos de xeito indirecto, a tradución de autores estranxeiros tanto como unha produción local sostida. Porén, no tema que nos ocupa ten unha representación escasa. Os baleiros e lagoas significativas no noso repertorio de traducións sorprenden, pois non só se refiren a nomes de escritoras italianas contemporáneas de relevancia como Merini o Rosselli, senón tamén outros nomes importantes de autores -homes- do panorama lírico italiano coetáneo, tan pouco representado en tradución que resulta ata penoso. Mais, retomando o tema que aquí nos ocupa, malia o título de Dacia Maraini que xa comentamos arriba, tan só podemos sa-lientar outro título de Patrizia Cavalli publicado en 1987¹⁴, de difícil distribución no noso país, que pasou case desapercibido.

E que dicir da produción dramática? A presenza é insignificante case por completo, e o baleiro, absoluto, non xa respecto da escritura italiana realizada polas mulleres que se mergullaron no ámbito das tendencias dramáticas máis recentes, senón en calquera tendencia e

12 CARDELLA, Laura. (1990). *Volia dur els pantalons*, trad. Mercè Ubach. Barcelona: Columna edicions. Tamén consta como _ (1991). *Volia dur els pantalons*, trad. [Enric Fontvila]. Barcelona: Columna edicions ("Columna jove", nº 60). Reeditada en 1996. _ (1992). *El món de Laura*, trad. [Enric Fontvila]. Barcelona: Columna edicions.

13 MARAINI, Dacia. (1992). *Dones meves*, trad. Antoni Arca. València: Institució Alfons el Magnànim ("Poesía", nº 15).

14 CAVALLI, Patricia. (1987). *Recull*, trad. Josep Ballester Roca. Alzira: Autor-editor ("La foresta d'Arana").

en calquera época. Mesmo no caso dunha figura que se impuxo nos últimos anos a nivel internacional, Dario Fo, cunha produción que, por certo, está presente de forma habitual nos nosos teatros e tamén no que atinxe ás traducións¹⁵, obsérvase que se omite sempre a Franca Rame, un nome que resulta ignorado por completo no ámbito catalán, a diferenza do que acontece en castelán.

A novela ocupa, sen lugar a dúbidas, o primeiro posto nas traducións editadas en Cataluña da literatura escrita por mulleres, e non só por mulleres. Son varias as autoras representadas neste apartado malia que, unha vez máis, o número non resiste a comparación co castelán cando nos topamos ante éxitos de vendas, como vimos máis arriba, e máis aínda se temos en conta que a miúdo son traducións publicadas en castelán por editoriais con sede en Barcelona. A selección, neste caso, resulta determinante: que autoras se publican?, con que criterios?, que obras desas autoras se dan a coñecer, en detrimento doutras, e por que motivos? Unha vez máis, é a institución literaria, no seu heteroxéneo conglomerado, o elemento determinante.

No conxunto das autoras de novelas e relatos que presentan obra traducida en catalán nos últimos anos, que é case como dicir na historia enteira da tradución ao catalán da literatura italiana escrita por mulleres, destacan, por diferentes motivos, dous nomes: Natalia Ginzburg e Francesca Durante. A primeira con tres obras¹⁶, unha delas fundamental no seu repertorio: *Lessico familiare*, traducida como *Vocabulari familiar*, e presente en catalán dende 1989. A segunda, con cinco títulos traducidos¹⁷ e presente dende o mesmo

15 FO, Dario. (1981). *Mort accidental d'un anarquista*, trad. Guillem-Jordi Gralls. Barcelona: Antoni Picazo. Reedición: Proa, Barcelona 1998. FO. (1999). *Misteri buffo*, trad. Josep Ballester. Alzira: Bromera ("Bromera. Teatre").

_. (1993). *¡Ací no paga ni Déu!*, trad. Empar Claramunt & Josep Ballester. Alzira: Bromera ("Bromera. Teatre", nº 7). Reeditada en 1997, 1998, 1999, 2000 e 2001.

16 GINZBURG, Natalia. (1989). *Vocabulari familiar*, trad. Mercè Trullén. Barcelona: Proa ("A tot vent", nº 280). GINZBURG. (1990). *La ciutat i la casa*, trad. Fina Figuerola. Vic: Eumo ("Narratives", nº 22).

GINZBURG. (1999). *Les veus del vespre*, trad. Esteve Farres Berenguer. Barcelona: Columna edicions-L'Eixample ("Espai de dones", nº 1). Reeditada por Columna edicions ("Col·lecció clàssica", nº 323), Barcelona.

17 DURANTI, Francesca. (1989). *Efectes personals*, trad. J. F. Mira. València: Eliseu Climent ("Narratives 3 i 4", nº 14). DURANTI. (1989). *El germanista*, trad. J. F. Mira. València: Eliseu Climent ("Narratives 3 i 4", nº 16). [Traducción

ano. No primeiro caso, trátase dunha data de recepción tardía sen dúbida, se nos detemos a considerar a traxectoria literaria da autora, o que sitúa a súa recepción en grande medida fóra do seu contexto cultural e histórico. O certo é que a súa tradución era case impensable antes da transición política por motivos de censura. Así e todo, a data do inicio da súa recepción resulta singularmente tardía, dada a vinculación de Natalia Ginzburg co mundo editorial italiano e deste co catalán. Mesmo hoxe non cremos que esta autora acadase o lugar que merece, cando menos respecto a outras autoras italianas e, sen dúbida, respecto a outros autores italianos da súa época. Como complemento ao elenco das traducións da súa obra narrativa, cabe mencionar unha tradución dunha obra dramática de Ginzburg publicada en catalán en 1999¹⁸.

O caso de Duranti é diferente como se poderá comprobar. A coincidencia na data de inicio entre as dúas autoras lévanos a lembrar, unha vez máis, a inflexión que comentabamos arriba no que atinxe ás directrices seguidas polo mundo editorial catalán en tempos recentes. A diferenza da de Ginzburg, a obra de Duranti sitúase nun contexto histórico e literario máis próximo ao da primeira aparición da obra en Italia, malia seguir sen resistir a comparación coa presenza da autora en castelán. No caso desta autora, a súa obra comeza a introducirse no ámbito catalán a finais dos 80 e comezos dos 90 en Valencia. Este interese do editor e do tradutor, moi vinculados entre si, semella ser pasaxeiro, xa que a partir de 1993 Duranti comeza a publicarse por parte da Editorial Cruïlla de Barcelona e tamén de xeito parcial na colección “Espai de dones”, é dicir, cun marcado carácter de xénero, que tamén deu a coñecer nos últimos tempos, en solitario ou en coedición, unha parte da obra de Ginzburg como vimos máis arriba.

de *La casa sul lago della luna*].

DURANTI. (1990). *Final felix*, trad. J. F. Mira. València: Eliseu Climent ("Narratives 3 i 4", nº 24).

DURANTI. (1993). *Última escriptura*, trad. Carme Arenas. Barcelona: L'Eixample ("Espai de dones. Col·lecció Contemporània", nº 15).

DURANTI. (1996). *Francesca*, trad. Gustau Raluy i Bruguera. Barcelona: Cruïlla ("Gran angular. Club", nº 16) [Traducción de *La bambina*].

18 GINZBURG, Natalia. (1997). *L'entrevista*, trad. Ignasi Roda Fàbregas. Barcelona: Asociación de Actores e Directores Profesionais de Cataluña ("Entreacte. Traduccions", nº 2).

Cando falamos de inflexión na política de tradución levada a cabo no contexto literario catalán mencionabamos as numerosas lagoas existentes no repertorio relacionado coa literatura italiana escrita por mulleres. Cómpre sinalar tamén algunhas presenzas mínimas, case testemuñais, de escritoras italianas que tiveron moito peso no panorama italiano pola súa abundancia de vendas, malia non gozar da mesma sorte no noso país, como a anteriormente mencionada Oriana Fallaci. Ou ben algunhas que tiveron un peso específico no panorama da literatura italiana da segunda metade do século XIX, se ben pasaron inadvertidas no noso país, ou simplemente ignoradas. É o caso de Elsa Morante, presente no elenco das traducións con só un título publicado en 1981, que non é, por certo, un dos máis representativos da súa abundante produción narrativa¹⁹. Outras, como Francesca Sanvitale, Lalla Romanò, Giuiana Morandini, Anna Maria Ortese ou Rosetta Loi, nin sequera constan nese elenco. E todo isto malia que algunhas destas autoras recibiron premios importantes en Italia e consolidáronse amplamente no panorama narrativo do país veciño. A situación non sorprende en absoluto, xa que se seguísemos os nomes de escritoras italianas que se fixeron un oco na historia literaria italiana noutras épocas, o baleiro no repertorio catalán é total: nin Matild Serao, nin Grazia Deledda, nin Maria Messina, nin Renata Viganò... Se se repasan eses datos, poderíase chegar a pensar que, en opinión das editoriais catalás, as italianas non comezaron a escribir ata antonte. Pódese estar máis ou menos de acordo coas autoras mencionadas por cuestións ideolóxicas, estéticas, políticas, etc. Pero o certo é que o silencio co que se pretendeu ocultar esta produción literaria fala de xeito ben claro da política de tradución que se adoptou en Cataluña, non xa no Franquismo, do que tradicionalmente se responsabiliza a censura, senón dende a Transición e ata épocas bastante recentes. Sen dúbida ningunha, isto evidencia a visión subalterna en que os responsables editoriais colocaron a produción literaria das escritoras italianas, e non só italianas, por certo, recentes ou non tan recentes. Ante este estado de cousas, non ten nin que dicir que a literatura infantil sempre resultou moito máis cómoda, tanto como os libros de cociña ou outras cousas do estilo.

19 MORANTE, Elsa. (1981). *La meva illa*, trad. Joan Oliver. Barcelona: Proa-Aymà, s.a. ("A tot vent", n° 110), 2ª. ed.

Como xa indicamos máis arriba, a maior parte desta escasa presenza literaria feminina concéntrase na década dos anos 90. Con todo, existen algunhas excepcións: as traducións de E. Morante (1981), N. Ginzburg e F. Duranti (ambas de 1989) xa citadas, e a tradución do *Quadern prohibit* de Alba de Céspedes, de 1985²⁰. Entre as restantes, recordaremos, por unha banda, a Carla Cerati, con dúas obras presentadas de xeito simultáneo en castelán e catalán²¹, e por outra banda, a Mariateresa Di Lascia²², Chiara Zocchi²³, Simona Vinci²⁴ e Patrizia Chendi²⁵ cun só título cada unha. Un elenco que, neste apartado como noutros, deixa no máis absoluto esquecemento nomes ben representados, porén, na tradución castelá, como Paola Capriolo, Giovanna Mantegazza, Melania Mazzucco, Dacia Mariani, Maria Bellonci ou Lidia Ravera, todas con varios títulos traducidos ao castelán. Ou Luisa Brancaccio, Rosanna Campo, Rosetta Loi, Anna Banti ou Isabella Bossi. Ou Guilia Fiorn, Nadia Fusini, Gabriela Giandelli, Gina Lagoria, Silvana La Spina, Matilde Serao, Maria Messina ou Sibilla Aleramo. Ou Francesca Mazzucato, Ana Maria Ortese, Pia Pera ou Beatrice Solina. Ou Serena Vitale, Maria Venturi, Elena Soprano, Michela Vuga ou Isabella Santa Croce ... e un longo etcétera.

IV.

Trátase, sen dúbida, dunha boa colección de nomes, de maior ou menor calado e peso literario, de maior ou menor persistencia no tempo, mais nin peores nin inferiores, falando doutros escri-

20 DE CÉSPEDES, Alba. (1985). *Quadern prohibit*, trad. Josep Miracle. Barcelona: Editorial Selecta-Catalònia ("Biblioteca Selecta", nº 514).

21 CERATI, Carla. (1995). *Lligams molt estrets*, trad. Francesc Miravittles. Barcelona: Muchnik ed. ("Novel·la")._. (1993). *La mala filla*, trad. Jordi Jané. Barcelona: Muchnik ("La finestra").

22 DI LASCIA, Mariateresa. (1996). *L'audàcia, el silenci*, trad. Carme Arenas. Barcelona: Empúries ("Narrativa", nº 57).

23 ZOCCHI, Chiara. (1998). *Olga*, trad. Joan Casas Fuster. València: Eliseu Climent ("El Grill").

24 VINCI, Simona. (1999). *De la canalla no se'n sap res*, trad. Pau Vidal. Barcelona: Empúries ("Col·lecció Anagrama Empúries", nº 12).

25 CHENDI, Patrizia & PALAZZOLI, Ferruccio. (2000). *El príncep Siddhartha: la fuga de palau*, trad. Mercè Ubach, Columna edicions ("Clàssica", nº 375).

tores italianos dende unha perspectiva literaria, que se traduciron e se traducen aínda hoxe en día entre nós. E, en calquera caso, nomes que dan testemuño dunha escrita en feminino, dunha presenza real contra o baleiro absoluto do silencio, que seguramente é moito peor. E todo isto sen ter en conta que a produción literaria italiana real é aínda superior, non cómpre dicilo, xa que moitas escritoras son, aínda a estas alturas, unhas completas descoñecidas no panorama literario hispánico en xeral, non xa en tradución catalá, senón tamén en tradución castelá, como por exemplo Francesca Sanvitale, Lalla Romanò ou Giuliana Morandini, quen constitúen tan só un dos poucos exemplos deste inxustificable fenómeno. Sen dúbida, non todo o que se produce é susceptible de traducirse, en Italia como aquí, pero, *sobre todo*, no noso país, onde o mercado está totalmente saturado; pero a comparación demostra unha desigualdade clamorosa e pon en evidencia unhas directrices na política editorial da Transición que poderíamos cualificar, de modo benévolo, como condescendentes, cando non directamente paternalistas. Unhas directrices que, se ben admitiremos que variaron nos tempos máis recentes, fixérono nun sentido que obedece case en exclusiva ás leis do mercado impostas en todas partes. É un feito innegable que a produción de libros, na que se inscribe a produción de traducións, é un negocio, pero entre a edición realizada con vocación próxima á resistencia cultural, case por amor á arte e cun forte espírito de “sacrificio” como acontecía no pasado no noso país, e a produción orientada máis á venda que á lectura, rexida en exclusiva por criterios mercantís e animada por campañas publicitarias que “crean” literalmente da nada novos valores literarios, cremos que existe unha marxe de actuación suficientemente digna. Sirvan estas breves notas escritas para a historia da tradución en catalán dos anos da Transición para constatar as tendencias e carencias dun tempo e dun país que, como dicía a canción, tamén é o noso.

Referencias Bibliográficas

BASSO, Gina. 1988. *El coratge de parlar*, trad. Àlvar Valls. Barcelona: La Galera ("Cronos", nº 22). Reeditada en 1991 ("Cronos", 22) e 1993 ("Clip", 11).

- BOMPIANI, Ginebra. 1996. *Via terra*, trad. Anna Castells. Barcelona: Editorial Cruïlla ("El vaixell de vapor", n° 68), 2^a. ed.
- CAMPS, Assumpta. 1999. *La recepció de G. D'Annunzio a Catalunya. Traduccions i textos inèdits*. Barcelona: PAM.
- _____. 1995. "La incidència dels gèneres en la traducció literària en català" en català "Revista de Catalunya", n° 95, pp. 109-117.
- _____. 1998. *La littérature catalane en traduction*, en Dimic & Totosy (eds.): *Comparative Literature Today: Theories & Practice*. Paris: H. Champion.
- _____. 2000. *La traducción literaria en catalán en la segunda mitad del siglo XX*, en *An Approximation to Contemporary Catalan Literature*. New Delhi.
- _____. 1996. *Pourquoi est-ce qu'ils n'ont pas traduit Zola?*, "Revue Canadienne de Littérature Comparée", n° 23, pp. 577 ss.
- _____. 2002. *Per a una història de la traducció de la narrativa del s. XIX en el món hispànic*, en: *Miscel·lània en homenatge a J. Molas*. Barcelona: Publicacions i Edicions UB, pp. 265-272.
- _____. 2001. "La literatura italiana de la segunda mitad del s. XX y su traducción en ámbito hispánico", conferencia lida na "Università di Roma-La Sapienza" (mayo de 2001), e publicada en: 2002). *Estudis Literaris II. La recepció literària*. Barcelona: PPU.
- CARDELLA, Laura. 1990. *Volia dur els pantalons*, trad. Mercè Ubach. Barcelona: Columna edicions. Tamén consta como. (1991). *Volia dur els pantalons*, trad. [Enric Fontvila]. Barcelona: Columna edicions ("Columna jove", n° 60). Reeditada en 1996.
- _____. 1992. *El món de Laura*, trad. [Enric Fontvila]. Barcelona: Columna edicions.
- CAVALLI, Patricia. 1987. *Recull*, trad. Josep Ballester Roca. Alzira: Autor-editor ("La foresta d'Arana").
- CERATI, Carla. 1995. *Lligams molt estrets*, trad. Francesc Miravittles, Barcelona: Muchnik ed. ("Novel·la").
- _____. 1993. *La mala filla*, trad. Jordi Jané. Barcelona: Muchnik ("La finestra").
- CHENDI, Patrizia & PALAZZOLI, Ferruccio. 2000. *El príncep Siddharta: la fuga de palau*, trad. Mercè Ubach. Barcelona: Columna edicions ("Clàssica", n° 375).

- DE CÉSPEDES, Alba. 1985. *Quadern prohibit*, trad. Josep Miracle. Barcelona: Editorial Selecta-Catalònia ("Biblioteca Selecta", nº 514).
- DI LASCIA, Mariateresa. 1996. *L'audàcia, el silenci*, trad. Carme Arenas. Barcelona: Empúries ("Narrativa", nº 57).
- DURANTI, Francesca. 1989. *Efectes personals*, trad. J. F. Mira. València: Eliseu Climent ("Narratives 3 i 4", nº 14).
- _____. 1989. *El germanista*, trad. J. F. Mira. València: Eliseu Climent ("Narratives 3 i 4", nº 16). [Traducción de *La casa sul lago della luna*].
- _____. 1990. *Final feliç*, trad. J. F. Mira. València: Eliseu Climent ("Narratives 3 i 4", nº 24).
- _____. 1993. *Última escriptura*, trad. Carme Arenas. Barcelona: L'Eixample ("Espai de dones. Col·lecció Contemporània", nº 15).
- _____. 1996. *Francesca*, trad. Gustau Raluy i Bruguera. Barcelona: Cruïlla ("Gran angular. Club", nº 16). [Traducción de *La bambina*].
- FALLACI, Oriana. 1992. *Inshallah!*, trad. Antoni Vicens. Barcelona: Plaza & Janés. Reeditada por Círculo de Lectores, Barcelona 1992.
- FO, Dario. 1998. *Mort accidental d'un anarquista*, trad. Guillem-Jordi Graells. Barcelona: Antoni Picazo. Reedición: Proa, Barcelona 1998.
- _____. 1999. *Misteri buffo*, trad. Josep Ballester. Alzira: Bromera ("Bromera. Teatre").
- _____. 1993. *¡Ací no paga ni Déu!*, trad. Empar Claramunt & Josep Ballester. Alzira: Bromera ("Bromera. Teatre", 7). Reeditada en 1997, 1998, 1999, 2000 y 2001.
- GINZBURG, Natalia. 1989. *Vocabulari familiar*, trad. Mercè Trullén. Barcelona: Proa ("A tot vent", nº 280).
- _____. 1990. *La ciutat i la casa*, trad. Fina Figuerola. Vic: Eumo ("Narratives", nº 22).
- _____. 1999. *Les veus del vespre*, trad. Esteve Farres Berenguer. Barcelona: Columna edicions-L'Eixample ("Espai de dones", nº 1). Reeditada en 1999 por Columna edicions ("Col·lecció clàssica", nº 323).
- _____. 1997. *L'entrevista*, trad. Ignasi Roda Fàbregas. Barcelona: Asociación de Actores e Directores Profesionais de Catalunya ("Entreacte. Traduccions", 2).

- MARAINI, Dacia. 1992. *Dones meves*, trad. Antoni Arca. València: Institució Alfons el Magnànim ("Poesía", nº 15).
- MORANTE, Elsa. 1981. *La meva illa*, trad. Joan Oliver. Barcelona: Proa-Aymà, s.a. ("A tot vent", nº 110), 2ª. ed.
- PITZORNO, Bianca. 199). *La casa de l'arbre*, trad. Beatriu Cajal. Barcelona: Editorial Barcanova ("Sopa de llibres", nº 9) (4ª. Reimpresión: 1999).
- _____. 2001. *Clorofil·la del cel blau*, trad. Beatriu Cajal. Barcelona: Barcanova ("Sopa de llibres", nº 51).
- TAMARO, Susana. 1995. *El cavaller molsut*, trad. Josep Julià. Barcelona: Grijalbo-Mondadori ("Tren eléctrico. Catalán", nº 9).
- _____. 1996. *El cercle màgic*, trad. Josep Julià. Barcelona: Grijalbo-Mondadori ("El tren eléctrico. Catalán", nº 10).
- _____. 1995. *Vés on et porti el cor*, trad. Assumpta Camps. Barcelona: Seix Barral (5ª. ed.). Reeditada en 1996, 1998, 2000 (hasta 14 ed.). Reeditada por Círculo de Lectores, Barcelona 1997.
- _____. 1996. *El cap als núvols*, trad. Josep Julià. Barcelona: Empúries ("Narrativa", nº 58). Reedición en 1997 (3a. ed.).
- _____. 1996. *Per a una veu sola*, trad. Assumpta Camps. Barcelona: Seix Barral.
- _____. 1997. *Anima mundi*, trad. Assumpta Camps. Barcelona: Seix Barral. Reeditada por Círculo de Lectores, Barcelona 1997.
- _____. 1999. *Tobies i l'àngel*, trad. Anna Cassassa Figueras. Barcelona: Empúries ("Narrativa", nº 101).
- _____. 2001. *Estimada Mathilda, no veig el moment en què l'home es posi a caminar*, trad. Antoni García Santiago. Barcelona: Empúries ("Narrativa", nº 166).
- _____. 2000. *Cap a casa*, trad. Antoni García Santiago. Barcelona: Empúries ("Biblioteca Universal Empúries", nº 140).
- _____. 2002. *Respon-me*. Barcelona: Empúries ("Narratives").
- VINCI, Simona. 1999. *De la canalla no se'n sap res*, trad. Pau Vidal. Barcelona: Empúries ("Col·lecció Anagrama Empúries", nº 12).
- ZOCCHI, Chiara. 1998. *Olga*, trad. Joan Casas Fuster. València: Eliseu Climent ("El Grill").

